

ANUNCIO**ÓRGANO: XUNTA DE GOBERNO LOCAL****DATA: 17/03/2022**

Aprobación, se procede, da xustificación e pagamento de subvencións concedidas para o desenvolvemento de actividades levadas a cabo por entidades sen ánimo de lucro no termo municipal durante o exercicio 2021.

Visto que por Resolución da Alcaldía núm. 168/2021, de data 24 de marzo, se aprobou a convocatoria de subvencións para o desenvolvemento de actividades levadas a cabo por entidades sen ánimo de lucro no termo municipal durante o exercicio 2021, publicándose o extracto no BOP núm. 59/2021, do 30 de marzo, na páxina web municipal e na sede electrónica

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 10 de xuño de 2021, de acordo coa proposta da comisión avaliadora, en función dos criterios establecidos na base 7ª das reguladoras das citadas subvencións, aprobadas polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o 31 de marzo de 2017 e modificadas por acordo plenario do 27 de marzo de 2019 (BOP núm. 77/189, do 24 de abril), acordou a concesión das citadas subvencións.

Rematado o prazo de xustificación establecido na base 13 (do 1-31 de xaneiro de 2022), a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar os seguintes gastos xustificativos para as subvencións para actividades en tempo e forma:

SOLICITANTE	OBXECTO	IMPORTE CONCEDIDO
ASOC. CULTURAL SAN CAMPIO CIF:G15138050	Escola de Música e Baile Tradicional 2021	2.000,00 €
ASOCIACIÓN RAICEIROS CIF:G15808645	Raiceiros 20 anos	2.000,00 €
ASOC. MEDIOAMBIENTAL DE VEDRA "AMABUL" CIF:G159252209	Escola Ambiental Amabul 2021	2.000,00 €
ANPA VAL DO ULLA DO CRA BOQUEIXÓN-VEDRA "NEIRA VILAS" CIF:G70132188	Maxia e Ciencia 2021	750,00 €
ANPA CEIP ORTIGUEIRA CIF:G15422694	Acamparte 2021	2.000,00 €
ASOC. CULTURAL CRUCEIRO DA ULLA CIF: G15587587	Gundián Vivo 2021	1.000,00 €
TOTAL		9.750,00

Segundo.- Que se proceda á súa publicación na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios da casa do concello e da sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>)

Vedra, 22 de marzo de 2022

O Alcalde